

## ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 28/02/2018

Logo de comprobar a existencia de quórum, ás 09:40 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**.

Escusan a súa ausencia a profesora Blanca Laffon Lage e os profesores Miguel Muñoz Cantero e Fernando Agrasar Quiroga.

### 1. Informe do reitor

O **reitor** comezou informando da Asemblea Xeral da CRUE, que tivo lugar en Valencia, en que se tratou da xestión da investigación; as acreditacións para os corpos docentes, o proxecto de lei regulador das prácticas de estudantado actualmente en tramitación parlamentaria (coas alegacións da CRUE presentadas a todos os grupos, pendente aínda a negociación co grupo propoñente); a falta de avances na negociación co MECD e, en relación con isto, a decisión de elaborar un documento de propostas para lles presentar a todas as forzas políticas co fin de que inclúan a universidade entre as súas prioridades; a elección da presidencia de catro sectoriais e entre elas a de xerencia, presidida pola UDC, competente para asuntos tan relevantes como a xestión económica, a xestión dos dereitos de autor, do I+D e a contabilidade analítica. Isto significa que a UDC pasa a formar parte da executiva alargada da CRUE. Xa tivo lugar a primeira reunión da Mesa de Xerentes, conxuntamente coa de secretarías xerais, para tratar da inminente entrada en vigor da Lei de contratos do sector público (LCSP), que suporá unha mudanza radical na xestión económica das universidades e, en particular, da súas relacións cos seus fornecedores debido ás limitacións que a nova lei establece para os contratos menores. Temos a necesidade de nos adaptar a eses cambios, a pesar da situación de incerteza actualmente existente.

Realizouse tamén unha reunión conxunta da Mesa de Xerentes e a de I+D coa directora xeral da Axencia de Investigación para tratar da xestión dos proxectos de I+D ante a situación creada pola revisión dos proxectos europeos polo Tribunal de Contas da UE que non avala o modo de xustificación de custos indirectos pactados polas universidades (en particular, o xeito de computar as horas de dedicación dos investigadores). Dos proxectos fiscalizados financiados polo FEDER, o TC da UE concluíu que o 100 % estaba mal xustificado. O risco é ter que devolver o 21 % dos custos indirectos desde 2013. A solución do MECD é «reconstruír» as horas de dedicación desde ese ano. Canto aos sobresoldos que se atribúen os investigadores e investigadoras en proxectos europeos, estes xa non se poderán computar como custos indirectos. Daquela, vaise complicar a xestión dos proxectos de investigación ao ser necesario levar un estado de gastos coa dedicación do persoal, tendo en conta tamén os outros proxectos en que

participe. Para estes efectos, o CSIC considera que a semana laboral é de 40 horas. Na UDC, o xerente e o Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia reuniranse o próximo venres, día 2 de marzo, para tratar estes e outros asuntos.

A seguir, o reitor pasoulle a palabra ao **vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, Salvador Naya Fernández**, que informou dos seguintes asuntos:

- Do seguimento do programa INTALENT. O pasado 9 de febreiro reuniuse a Comisión de Seguimento do Programa Intalent, composta por dous representantes de Inditex e dous da UDC. Aprobouse unha flexibilidade maior nos prazos de incorporación e tamén a posibilidade de traspasar orzamentos dunha anualidade á seguinte e así poder aumentar o número de prazas se fose posible.

- Da implantación do Plan de Acción do «HRS4R - Human Resources Strategy for Researchers». En maio de 2017 a Universidade da Coruña conseguiu o Logo HR Excellence in Research. Desde a obtención deste logo empezan a contar os dous anos para a avaliación provisional e os cinco para a renovación deste importante recoñecemento. Entre as accións que se van desenvolver durante 2018 están as seguintes: (1) Elaborar un «Código de conduta UDC para a contratación de investigadores». Anunciar todas as vacantes do investigador en Euraxes; (2) Redactar e difundir o «Código ético de investigación da UDC»; (c) Elaborar e difundir as «Pautas e procedementos da UDC para unha boa práctica de investigación»; e (d) redactar un *Manual de benvida do persoal investigador na UDC*. Para levar a cabo estas accións contarase co apoio da Comisión de Investigación e do Comité de Ética da UDC.

Pola súa parte, o **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, Alberto Valderruten Vidal**, deu conta dos seguintes asuntos:

- 31/01/2018. Seguindo co acordo do Consello de Goberno do 28/05/2015 sobre promoción de axudantes doutores/as, autorizouse a contratación como interino de substitución de tres profesores/as que remataban o seu contrato no primeiro trimestre do ano, en tanto non se aprobe a oferta de emprego deste ano.

- 31/01/2018. Autorizouse a integración no corpo de profesorado titular de universidade dunha profesora TIT-EU da área de coñecemento de Dereito Administrativo, ao acadar a acreditación ao antedito corpo e segundo o establecido na disposición adicional 2ª da Lei orgánica 4/2007.

- 02/02/2018. Publicouse na Sede Electrónica da UDC a resolución definitiva da prelación de execución das prazas dos corpos docentes da OEP complementaria de 2017. As prazas de catedrático/a de universidade deberanse convocarse nas áreas de Psicoloxía Social, Microbioloxía e Química Orgánica, mentres as prazas

de profesorado titular de universidade nas áreas de Tecnoloxía Electrónica e Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial

- 06/02/2018. Autorizouse o cambio de dedicación de P06 a tempo completo, seguindo o procedemento de urxencia, de don Alfonso Ballesteros Soriano profesor interino de substitución da área de Filosofía do Dereito. Este cambio está motivado pola baixa por IT de dona Viviana García Llerena e finalizará coa incorporación da dita baixa.

- 06/02/2018. Publicouse a resolución de inicio da revisión de oficio da convocatoria da praza de axudante doutor/a 17/7011 na Área de Dereito do Traballo e a Seguridade Social do Departamento de Dereito Público. Esta revisión iníciase a consecuencia da reclamación dun dos candidatos e de acordo co informe da Asesoría Xurídica en que se indica que existe lesión de dereitos susceptibles de amparo constitucional, en concreto, a vulneración do art. 23.2 da Constitución que garante o acceso en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos.

- 15/02/2018. Autorizouse o cambio de dedicación de P06 a tempo completo, seguindo o procedemento de urxencia, de dona Svetlana Molkova profesora interina de substitución da Área de Lingua Española. Este cambio está motivado pola baixa por IT de dona Ana Veleiro Pérez e finalizará coa incorporación da dita baixa.

- 15/02/2018. Autorizouse a contratación por lista de agarda 17/8016 dun profesor/a interino/a de substitución P06 na área de coñecemento de Organización de Empresas do Departamento de Empresa ao renunciar á súa praza un profesor interino de substitución. A lista de contratación esgotouse sen que ningunha das persoas candidatas aceptase a contratación.

- 16/02/2018. Autorizouse a integración no corpo de profesor titular de universidade dun profesor TIT-EU da área de coñecemento de Enxeñaría Eléctrica, ao acadar a acreditación ao antedito corpo e segundo o establecido na disposición adicional 2ª da Lei orgánica 4/2007.

- 22/02/2018. A Mesa Sindical acordou un calendario de negociación para finalizar unha proposta de dedicación do PDI co fin de se incluír na próxima reunión do Consello de Goberno. Estas reunións comezarán este venres 2 de marzo.

- 23/02/2018. A COAP autorizou dúas solicitudes de venias docentes na EU de Relacións Laborais que contaban con informe favorable do Departamento de Dereito Público.

A seguir, a **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria**, Margarita Amor López informou dos seguintes asuntos:

En materia de extensión universitaria:

- Da publicación da lista provisional das axudas a programas de actividades estudiantís e da lista provisional das Bolsas Santander Crue-Cepyme Prácticas en Empresas
- Da primeira resolución das axudas para estudantes en situación de dificultades económicas e da resolución das axudas de carácter xeral do Plan propio da Universidade da Coruña destinadas ao aloxamento dos estudantes.
- Da publicación da convocatoria de dúas bolsas de colaboración para formación complementaria na Unidade de Teleformación.
- De que tamén foi publicada a convocatoria de mobilidade SICUE.

O sábado 3 de marzo a Unidade de Divulgación Científica e Cultural organiza en colaboración coa Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos unha xornada de obradoiros científicos e tecnolóxicos en Betanzos.

O 22 de febreiro, dentro de II Ciclo de Conferencias Ciencia Express, Casto Rivadulla presentou a conferencia «Só utilizamos o 10 % e outros mitos sobre o cerebro» organizada pola Unidade de Divulgación Científica e Cultural da Universidade da Coruña, en colaboración coa Asociación da Prensa da Coruña e a Deputación da Coruña.

Así mesmo, a Unidade de Divulgación Científica e Cultural da Universidade da Coruña, en colaboración coa Deputación da Coruña, organiza xornadas de obradoiros científicos e tecnolóxicos nos centros escolares como o CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso ou o IES Monte Castelo de Burela.

Dentro das actividades para conmemorar o 11 de febreiro, Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia, investigadoras e alumnas da UDC impartiron, en Ferrol e na Coruña unha sesión de microcharlas para facer visible a vida e achegas de mulleres destacadas nos eidos da ciencia e a tecnoloxía.

O pasado 14 de febreiro entregáronse os Premios UDC Deportes 2017, en que se recoñecen os logros dos deportistas universitarios e que culminou coa entrega do IX Premio UDC Deportes a Alberto Seoane polos seus méritos deportivos acadados o pasado ano 2017 na disciplina de tenis de mesa, valorando, non só, a súa estreita vinculación coa Universidade como estudante xa titulado, senón por representar a UDC nos Campionatos de España Interuniversitarios nos anos 2008 e 2009, así como nos Xogos Deportivos Galaico-Durienses de 2008, na Universidade do Minho. Entre outros logros deportivos, Alberto Seoane foi campión do mundo por equipos en 2014 e 2017; subcampión de Europa por equipos en 2013; medalla de ouro no Open de Eslovaquia en 2015 e dobre diploma en Río en 2016.

A Universidade da Coruña e o Real Club Deportivo xúntanse para organizar o DéporCampus Mauro Silva, realizado ata agora só pola UDC e que vai pola súa

19ª edición. O pasado martes, 27 de febreiro, presentouse a convocatoria deste ano. Está dirixido a nenos e a nenas de 4 a 12 anos e terá lugar na Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física, en Bastiagueiro, os días 26, 27 e 28 de marzo.

A **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación, Pilar García de la Torre**, trasladou ao Consello de Goberno as seguintes informacións:

- Abríronse nas últimas semanas as seguintes convocatorias:

- Axudas á Internacionalización da UDC. Esta convocatoria recolle 4 accións: 1) Axudas para a preparación de proxectos para presentar na UE no programa Erasmus +; 2) axudas para o establecemento ou seguimento de titulacións duplas ou conxuntas; 3) axudas para a mobilidade de docentes que participan nos programas de docencia en inglés da UDC; 4) axudas para a organización/docencia en cursos para a proxección internacional da UDC no estranxeiro.
- Convocatoria xeral para programas internacionais de mobilidade con fins de estudos
- Convocatoria de proxectos de coñecemento da realidade en programas de cooperación para o desenvolvemento: para estudantes (PCR), PDI e PAS (PCC)
- Convocatoria de axudas para estudantes internacionais da International Summer School

Nos próximos días publicarase a convocatoria de axudas para profesores visitantes que apoien a docencia en inglés na UDC.

- Reunión en Cardiff co equipo de Goberno da University of South Wales sobre os cambios na política do Goberno de Gales sobre as axudas ao alumnado da UDC que cursan título dobre (grao en Inglés, ADE, Enxeñaría Informática, Dereito). A universidade de South Wales comprometeuse a manter as axudas ao alumnado da UDC cos seus fondos propios para os graos de Inglés, ADE e Dereito e estudará a posibilidade de ofrecer o mesmo trato para o alumnado de Informática.

- Asistencia á reunión dos subgrupos de traballo da sectorial de Internacionalización e Cooperación da CRUE: internacionalización na casa e promoción exterior. Discutiuse a situación preocupante das universidades españolas pola escasa captación de alumnos estranxeiros nos niveis de grao e mestrado. O SEPIE informou da creación dunha comisión interministerial para axilizar os trámites burocráticos polos que ten que pasar o alumnado estranxeiro e en concreto a emisión de visados e a homologación de títulos. O subgrupo de traballo elaborará un documento con recomendacións ás universidades para incrementar o número de estudantes estranxeiros nos graos e mestrados.

- Proxectos tramitados desde a Oficina de Relacións Internacionais. Foi designado persoal da ORI para apoiar a xestión de proxectos do programa Erasmus +. Nas convocatorias pechadas en febreiro presentáronse dous proxectos Jean Monet e 3 Capacity Building en que a UDC é socia dos distintos consorcios.

De seguido a vicerreitora de **Oferta Académica e Innovación Docente, Nancy Vázquez Veiga**, informou dos seguintes asuntos:

- De que se están a recibir os informes provisionais das solicitudes de verificación dos títulos oficiais de grao e mestrado, que está previsto que se empecen a impartir o vindeiro curso académico. Desde esta Vicerreitoría estamos a traballar cos coordinadores dos distintos títulos e cos responsables dos centros en todas aquelas cuestións que son da nosa competencia ou que requiren do noso asesoramento.

- O pasado mércores mantivemos unha reunión no CUFIE para tratar de ver os problemas a que deben facer fronte os títulos que teñen docencia semipresencial e en liña. Trátase dunha modalidade de ensino pola que están optando cada vez máis títulos oficiais. Isto acontece en xeral en todo o sistema universitario galego. Por este motivo, a ACSUG escribiunos ás tres universidades solicitando información sobre a existencia dunha normativa que regule, por exemplo, a *ratio* de presencialidade por crédito nestas modalidades de ensino, é dicir, o número mínimo e máximo de horas de presencialidade por crédito para cada unha das modalidades. A intención da UDC é elaborar una normativa ao respecto, de feito, esta foi unha das peticións que nos fixeron chegar algún dos asistentes á devandita reunión do CUFIE.

- A Universidade Sénior está a traballar nun proxecto para estender a formación para maiores ao ámbito rural. O punto de partida será a implementación dun proxecto piloto na Costa da Morte esta primavera.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, Domingo Calvo**, informou tamén do seguinte:

- De que na Comisión de Asuntos Económicos do 14/02/18 se aprobou a imputación de obrigas xeradas no exercicio 2017 ao exercicio 2018 por valor de 72 339,37 € e de que se validaron expedientes de gasto por valor de 668 402,49 €.

- Da reunión da Comisión de Seguimento do Banco Santander en que participaron as vicerreitorías de Economía, de Estudantes, de oferta Académica e de Internacionalización. Presentouse toda a documentación para acreditar o financiamento de actividades correspondentes ás ditas vicerreitorías así como o programa de Espazo Compartido do ano 2017. O Banco Santander manifesta a súa satisfacción polo traballo realizado.

- Imputacións e validacións

Imputacións:

- Informe V-001-18 do 18/01/18 por importe de 5763,81 €
- Informe V-002-18 do 22/01/18 por importe de 61 261,45 €
- Informe V-003-18 do 02/02/18 por importe de 5314,11 €

Total imputado: 72 339,37 €

Validacións:

- Informe C-001-18 do 12/02/18 por importe de 668 402,49€

Total validado: 668 402,49 €

**A vicerreitora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social, Araceli Torres,** informou dos asuntos que a seguir se indican:

- De que os días 8 e 9 deste mes tivemos en Ferrol unha interesante xornada de traballo en que participaron representantes de universidades españolas que formamos parte da «Rede de Programas Universitarios para a Inserción Laboral das Persoas con Discapacidade Intelectual», en que contamos tamén neste encontro coa participación da Fundación ONCE

- Do éxito, tanto de público como de participantes, da IV Edición do Torneo Clasificadorio da First Lego League Galicia, que tivo lugar no Auditorio de Ferrol o pasado día 17.

- Mudando de asunto, co gallo do Día Internacional da Muller o vindeiro 8 de marzo, que este ano se suma a un movemento mundial sen precedentes polos dereitos, a igualdade e a xustiza das mulleres a Universidade da Coruña; baixo a coordinación da Oficina para a Igualdade de Xénero estanse a organizar distintos actos:

O mesmo día 8 ás 10:30 h diante da Vicerreitoría do Campus de Ferrol faremos unha concentración presidida polo reitor a que chamamos a participar a toda a comunidade universitaria.

O día 14 será o acto central de celebración na Universidade, que dedicaremos a Concepción Arenal, poñendo o seu nome ao salón de actos do Campus de Ferrol, onde a profesora e doutora en Filoloxía María Luisa Maillard, presidenta da Asociación Matritense de Mulleres Universitarias, presentará o seu libro *A vida de Concepción Arenal* cun diálogo dramatizado entre Concepción Arenal e Juana de Vega

- De que hoxe remata o prazo de matrícula para asistir ás Xornadas de Filosofía da Ciencia que este ano chegan á súa edición numero 23 e cuxo tema central é «O Cine e a Ciencia».

- De que mañá terá lugar unha conferencia do ciclo da Cátedra Jorge Juan coa intervención da directora do Museo Nacional e Centro de Investigacións de Altamira, Pilar Fatás, que falará sobre «A primeira arte da humanidade».

Finalmente, o **xerente** dou conta ao Consello das seguintes novas:

- Concurso de traslados de PAS

O pasado día 26 de febreiro, despois da última avaliación do concurso de traslados de persoal funcionario consistente na defensa da memoria para aqueles postos con forma de provisión de concurso específico, publicouse no taboleiro da web da UDC a resolución provisoria do dito proceso de provisión; en consecuencia, desde ese momento hai un prazo de dez días hábiles para formular reclamacións para, finalmente, despois da resolución destas, ditar a resolución definitiva.

- Folga do 08-03-2018

Para o vindeiro día 8 de marzo, convocouse unha xornada de folga. Ese día é festivo local na Coruña, non en Ferrol nin en Oleiros.

A convocatoria foi realizada por distintas organización sindicais: a UGT e CCOO convocan un paro de 2 horas por quenda, a CIG convoca un paro das 12.00 ás 14.00 e das 19.30 ás 21.30 horas; e a CUT e a CNT convocan folga para toda a xornada laboral dese día. Por tanto, hai que contar co seguinte:

A Orde de servizos mínimos da Xunta de Galicia para as actividades dos centros da UDC en Ferrol e Oleiros que, segundo información oral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, previsiblemente, será igual ás convocatorias anteriores; é dicir,

«Artigo 3. Universidades galegas

Terán a consideración de servizos mínimos para o persoal dependente das universidades galegas os seguintes:

- 1 empregado/a da área de conserxaría por quenda de traballo en cada facultade, escola, centro de investigación e demais centros administrativo.
- 1 funcionario/a no rexistro oficial de cada campus
- 1 empregado/a do persoal de secretaría do reitor e dos vicerreitores/as dos campus onde non estea a sede reitoral»



Os servizos mínimos que traslade a Delegación do Goberno para garantir o servizo esencial de seguridade privada.

- Entrada en vigor da nova Lei de contratación do sector público (LCSP)

O vindeiro 9 de marzo de 2018 entra en vigor a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (BOE núm. 272, 09-11-2017).

A UDC afronta a entrada en vigor deste importante texto legal con obxectivos en tres ámbitos: formación, información e aplicación, do xeito seguinte:

No que se refire á formación do persoal realizaranse un mínimo de dúas actividades formativas no marco do Plan de formación do PAS, unha delas destinada a persoal directamente relacionado coa contratación e a segunda delas destinada ao persoal dos negociados de asuntos económicos no vindeiro mes de abril. Do mesmo xeito, no futuro realizaranse todas aquelas actividades formativas que sexan precisas ata onde sexa posible.

No que se refire á información, esta iniciouse cun correo electrónico que se enviou o día 7 de febreiro desde a Xerencia a toda a comunidade universitaria. Con este correo pretendeuse, dun xeito breve, resaltar as modificacións máis importantes introducidas na contratación e advertir da conveniencia de adquirir o meirande compromiso de gasto antes da entrada en vigor da lei. Tamén se enviará un correo aos provedores da universidade cun contido informativo.

Realizouse un encontro o pasado día 20 de febreiro entre a Xerencia e as persoas relacionadas coa xestión económica dos servizos centrais e dos centros da UDC. Continuarase con outro encontro cos investigadores principais e coordinadores de proxectos o vindeiro día 2 de marzo.

Esta información seguirase a subministrar mediante comunicacións telemáticas ao persoal afectado en que se trasladarán aqueles criterios oficiais que cheguen á Xerencia e, de ser necesario, outros encontros presenciais.

No que se refire á aplicación, desde mediados de xaneiro constituíuse un grupo de xestión sobre este asunto do que forman parte o xerente, a vicexerenta, o xefe do servizo de contratación, o interventor, o coordinador de área de xestión económica do SIC e o adxunto para tecnoloxías da información. Neste grupo débense as iniciativas e medidas para avanzar neste asunto e deséñanse as ferramentas informáticas para a nova xestión dos contratos; así, por exemplo, debido ao excelente labor do área TIC, xa dispomos dun prototipo para o control do límite de valor estimado no contrato menor,

- A UDC convocou a unha reunión, o pasado día 2 de febreiro na Maestranza, as xerencias e o persoal relacionado con contratación da USC e da UVIGO. Nesa

xornada realizouse unha posta en común da situación en cada unha das universidades e acordamos compartir desde ese momento información e documentos sobre esta cuestión, e así se está a facer.

- Solicitouse un informe á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Consellería de Facenda e agárdase que, como consecuencia da reunión da Comisión Permanente da dita xunta o pasado día 22 de febreiro, se nos comuniquen criterios respecto a cuestións cruciais para continuar con seguridade a aplicación da nova lei.
- Na Mesa de Xerentes da CRUE celebrada o pasado 14 de febreiro de 2018, tratouse como único punto da orde do día a Análise da afectación da Lei 9/2017 de contratos do sector público.
- Desde distintas fontes indícase que a Xunta Consultiva de Contratación do Estado ditará en breve unhas instrucións ou criterios,
- A UDC contará no mes de marzo cunha ferramenta informática de xestión de contratos menores adaptada á nova norma e directamente vinculada á Plataforma de contratos do Estado,
- A UDC contará con pregos tipo de cláusulas administrativas adaptados á nova lei do seguinte xeito: antes da entrada en vigor da lei, o procedemento aberto, simplificado e supersimplificado para subministracións e servizos; eses mesmos procedementos para obras no mes de marzo; procedementos de negociación con e sen publicidade, no mes de abril; e, diálogo competitivo, asociación para a innovación, acordos marco, concursos de proxectos e poxa electrónica, no mes de maio.

En definitiva, sendo realistas, é certo que o día 9 de marzo vai ser, desde o punto de vista da contratación administrativa, peor que o día 8 de marzo, pero estamos convencidos que na UDC desde ese mesmo día, coa colaboración de todas as persoas integrantes desta institución iremos consolidando o proxecto e minorando día a día o impacto do cambio.

## **2. Aprobación da acta da sesión do 31/01/2018**

A acta do Consello de Goberno do 31 de xaneiro foi aprobada sen votos en contra.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que nesta ocasión son 1 convenio marco, 2 convenios específicos e 56 convenios para prácticas e que son aprobados sen votos en contra.

#### **4. Aprobación, se proceder, do Regulamento de Rexistro Electrónico da UDC**

A proposta foi presentada polo **secretario xeral**.

Intervén seguidamente **Xosé Portela** para suxerir que non se explicitasen os horarios de abertura polos probables cambios no horario de traballo do PAS (das 37,5 ás 35 horas). O **secretario xeral** indica que horario de abertura e xornada laboral son dúas cousas distintas e, ante a pregunta de **Xosé Portela** de se é necesario que o regulamento especifique o horario de funcionamento do servizo, o secretario xeral responde afirmativamente. Nona Inés Vilariño manifesta o seu acordo co secretario xeral.

A proposta que figura como **anexo IV** foi aprobada sen votos en contra.

#### **5. Proposta de convocatoria de prazas de corpos docentes universitarios**

Presentada a proposta que figura como **anexo V** polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada sen votos en contra.

#### **6. Proposta de convocatoria de prazas de PDI laboral**

Presentada a proposta polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo VI**.

#### **7. Proposta de Oferta de Emprego Público de PDI para 2018**

Presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, a proposta inclúe 33 prazas (10 de contratados-doutores, 1 reservada para Ramón y Cajal; 20 de titulares de universidade, 4 reservados para Ramón y Cajal; 3 de titulares de universidade vinculadas ao SERGAS) e 23 catedráticos polo procedemento de promoción interna.

Sinalou que a proposta conta coa aprobación unánime da COAP e da mesa sindical. Acrecenta o reitor que vai acompañada dunha memoria económica que acredita que non se vai incrementar o gasto en capítulo I. O vice-reitor engade que a súa vontade é comezar canto antes a execución desta OEP, aprobando inmediatamente a prelación correspondente.

**Natalia Álvarez** pregunta se as dúas prazas Ramón y Cajal que non van ser usadas poden acrecentar a convocatoria xeral. O vice-reitor contesta negativamente. O reitor sinala que foi formulada a proposta de que á avaliación I-3 poida tamén concorrer profesorado doutros programas como Intalent, Juan de la Cierva etc.

A proposta, que figura como **anexo VII**, foi aprobada sen votos en contra.

#### **8. Proposta de modificación do Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das OEP de PDI da UDC**

Presenta a proposta o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente e** indica que do que se trata é de engadir unha referencia á rama de coñecemento.

Toma a palabra seguidamente a **profesora M<sup>a</sup> José Martín Santamaría** para manifestar que lle gustaría suprimir o criterio de rama de coñecemento. O **vice-reitor** responde que se trata dun criterio que xa estaba previsto.

O **reitor** esclarece que antes da conxelación da taxa de reposición, cando os concursos eran convocados semestralmente, xe existía repartición por ramas. En calquera caso, engadiu, este criterio só é relevante cando hai poucas prazas. Nunha OEP como a que se aprobou para 2018 o único decisivo é a data de acreditación.

A profesora **María José Martín** engade, que segue sen lle ver sentido ao criterio, aínda que xa estivese recollido con anterioridade. O **reitor** insiste en que o primeiro criterio é a data de acreditación, que nas cinco primeiras prazas vai unha por rama de coñecemento. Todas as demais van só por data de acreditación.

A **profesora María José Martín** pon o exemplo dun acreditado en arquitectura 2014 e outro en ciencias da saúde en 2017: o último entrará antes que o primeiro, por ser o máis antigo desa rama. Aínda que agora non teña transcendencia práctica, insiste, o que interesa é que carece de sentido. Mantén a proposta de que se elimine calquera referencia á rama de coñecemento.

**Juan Pérez Valcárcel** lembra que o criterio de rama de coñecemento foi introducido para salvagardar as ramas minoritarias. Di non estar moi de acordo co criterio e manifesta que a USC ten o sistema mellor organizado a través do plan de estrutura docente de cada departamento. Para el, o criterio prioritario deben ser as necesidades docentes. En todo caso, non apoia a supresión do criterio.

**Teresa López** sinala que son as xubilacións as que permiten convocar novas prazas. Como non se están a repoñer as cátedras que fican vacantes, si parece lóxico garantir, cando menos, unha cátedra por rama de coñecemento xa que, do contraio, determinados ámbitos poderían ficar sen cátedras cos danos colaterais que iso suporía para a universidade. Parécelle lóxico combinar os dous criterios: data de acreditación e garantía de rama de coñecemento. **Adriana Ávila** pide tamén que se manteña o criterio.

**María José Martín** afirma que esa garantía se consegue cando o criterio é aplicado a primeira vez, mais se o criterio é aplicado todos os anos iso supón que, á fin, as áreas minoritarias saian beneficiadas.

O **reitor** di que en 2018 van promocionar a unha cátedra 23 titulares de universidade acreditados e acreditadas dos anos 2013 e 2014. Discutir agora este criterio só amosa a mensaxe de que a universidade non realiza política universitaria. O ano pasado só se convocaron seis cátedras. Solicita un pouco de

xenerosidade e de sentido universitario. Agora vaise baixar de dúas prazas a só unha por rama de coñecemento. Lembra que o cadro de persoal teórico desapareceu na USC hai anos e que que esta universidade apenas convocou dez cátedras en 2017 e que cambiou os criterios: por iso, titulares de universidade acreditados e acreditadas que xa tiñan a cátedra convocada en 2012 fican agora sen praza. En contraste, a UDC aposta por criterios obxectivos: a data de acreditación coa pequena modulación da rama de coñecemento. A da UDC para 2018 é unha OEP ambiciosa que vai permitir garantir e combinar estabilización con promoción.

A **profesora Lorenzo Modia** intervén para lembrar que en 2011 ficou unha vacante en artes e humanidades que foi aproveitada por outras ramas de coñecemento.

Conclúe o **reitor** indicando que a bolsa xerada pola conxelación da taxa de reposición estase a corrixir agora de forma ordenada e obxectiva.

A proposta, que figura como **anexo VIII** foi aprobada coa abstención da **profesora María José Martín**.

### **9. Proposta de modificación da normativa que regula o acceso os concursos de acceso aos corpos docentes universitarios**

A proposta foi presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, que sinala que se trata de engadir que o profesorado da Unión Europea poida integrar estas comisións.

Intervén o **profesor Moisés Canle** para preguntar se isto afecta só ao profesorado da Unión Europea (e non ao do Espazo Europeo de Educación) e tamén, dado que nestes estados hai algúns en que a condición de catedrático ten carácter vitalicio, se deben estar en activo ou non. Sobre o procedemento de acreditación pola ANECA, teme que esta esixencia supoña deixar a previsión sen eficacia, atendidos os prazos de resolución da axencia. O **vice-reitor** sinala que a intervención da ANECA ten por finalidade asegurar que a profesora ou profesor en cuestión xa foi considerado equivalente a catedrático de universidade ou titular de universidade. Estase a consultar coa ANECA para ver en que sentido ese procedemento pode ser tutelado desde os departamentos. En todo caso, ao que atenden é ás condicións de acceso ao corpo. A **Moisés Canle** esta esixencia segue a lle parecer absurda e até ofensiva.

**Teresa López** móstrase preocupada polo uso que se pode facer desta posibilidade co impacto económico que pode ter. Interésase polas cautelas previstas ao respecto e avoga pola introdución de limitacións que non dependan dos departamentos. O vice-reitor de profesorado di que na última reunión da COAP se considerou que a acreditación da ANECA xa supoñía unha limitación importante. Hai, afirma, aínda moito camiño por percorrer. Ás veces, traer un

catedrático de Portugal pode ser máis económico que traelo de Valencia ou Cataluña.

**Nona Inés Vilariño**, desde a súa experiencia como membro de tribunal de moitas oposicións, indica que non lle gusta a expresión «posición equivalente» pola experiencia negativa que ten nese sentido.

A proposta, que figura como **anexo IX**, foi aprobada coa abstención de **Teresa López**.

#### **10. Proposta sobre aplicación ao PDI das melloras que, no referente a permisos e licenzas no ámbito das políticas de igualdade, teñan a súa orixe na Lei 2/2015**

Presenta a proposta o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** e informa do acordo acadado na Mesa e na Xunta de persoal de PDI.

A proposta foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo X**.

O **reitor** lembra que a Seguridade Social só cobre 16 semanas, que as outras catro as vai cubrir a UDC.

#### **11. Proposta de autorización de licenzas**

Presentada a proposta polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo XI**.

#### **12. Quenda aberta de intervencións**

**Xosé Portela** solicita que se inicien xa as negociacións para a Oferta de Emprego Público do PAS de 2018, co fin de que se poida acumular ás anteriores. Solicita que os servizos mínimos da folga do 8-M se transmitan ao persoal e sexan asumidos por persoal masculino.

**Anxo Calvo**, á vista do correo recibido dos servizos informáticos que indica que se migrará a Office 365, pregunta polos prazos, polos cambios que isto vai supor e pola compatibilidade co posicionamento da UDC a prol do software libre no seu Plan estratéxico. Respecto da contabilidade analítica suxire que os centros de custo/beneficio poidan saber cales son os custos e contributos reais en termos de ingresos á universidade.

**Moisés Canle** pregunta pola ponderación dos criterios da ABAU que, ao seu ver, inclúe títulos que se van implantar en 2019 e tamén pola exclusión de contratos e convenios en materia de I+D da nova LCSP de acordo co art. 8 LCSP.

O **profesor Pérez Valcárcel** traslada o malestar da Escola Técnica Superior de Arquitectura polo tratamento dispensado ao coordinador do Mestrado de

Rehabilitación Arquitectónica, a quen lle foi retirado retroactivamente o complemento que viña percibindo.

O **xerente** responde a **Xosé Portela** manifestando, en primeiro lugar, a súa disposición a negociar a OEP de 2018. Acerca dos servizos mínimos, di que aínda non hai comunicación oficial da Xunta e que, en todo caso, os responsables dos centros decidirán, en atención ás necesidades, a quen se asignan eses servizos mínimos. Sobre a interpretación do art. 8 LCSP, sinala que se está á espera de que se esclareza a súa interpretación. Insiste na prudencia e en que, oficialmente, só se ten coñecemento dun informe da XCCA de Aragón.

Sobre a migración ao Office 365, o **reitor** di que a consecuencia fundamental será que cada usuario conte con 1 TB de espazo de almacenamento propio (hoxe todo co correo electrónico da UDC ocupa 5 TB), Skype profesional, ferramentas de traballo colaborativo ... e todo isto ao mesmo prezo da licenza Campus, ao tempo que se asegura o cumprimento do ENIS. Indica que a migración era necesaria polo colapso do CPC e a imposibilidade de Zimbra de soportar novas utilidades como o certificado de correo electrónico. En canto ao software libre di que se trata dunha ferramenta positiva, mais non sempre soluciona os problemas da universidade. Anxo Calvo pregunta pola información actualmente existente no Zimbra: o reitor contesta que se vai manter e a actualización ao novo sistema faráselle a quen a pida. En todo caso, engade, estase á espera da elaboración dos plans estratéxicos dos centros e institutos para revisar o plan estratéxico da UDC.

Sobre biotecnoloxía, contestando a **Moisés Canle**, dille que estaba previsto que comezase en 2018.

Sobre o Mestrado de Rehabilitación Arquitectónica, respondendo ao profesor **Pérez Valcárcel**, o **reitor** sinala que o único que se fixo foi cumprir a norma de 2012 e que non todos os coordinadores de mestrado perciben complemento económico. O equipo de goberno non pode facer excepcións á carta sobre o cumprimento das normas aprobadas neste consello.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o reitor remata a sesión ás 12:12 h. do que eu, como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

O secretario xeral

Carlos Aymerich Cano

O presidente

Julio E. Abalde Alonso